

Esther, unha loita pola igualdade

Roberto Vidal Bolaño, ademais de ser o único autor só dramaturgo homenaxeado no Día das Letras Galegas, foi asemade un dos escritores máis preocupados por reivindicar o papel da muller na sociedade.

A fortaleza das personaxes femininas é unha constante ao longo das súas obras, estean estas ambientadas no medievo (Laudamuco, señor de Ningures), nunha Galicia ancestral (Bailadela da morte ditosa), no percurso do Camiño de Santiago (Días sen gloria), e especialmente ensinándonos quen debeu ser realmente a muller Rosalía (Agasallo de sombras, Rosalía). En calquera destas tramas, son as mulleres as que soportan o peso da Historia con maiúsculas e da súa propiaíntima e familiar, as que resolven ante a inacción dos demais, as que reclaman cambios e xamais esquecen a aqueles que aman....



Entre as súas propostas escénicas encadradas na nosa sociedade actual (Saxo tenor, Animalións), destaca con luz propia a personaxe de Ester de Rastros. Constantemente fiel á amizade con Moncho, Xan e Iago, malia o paso do tempo, que fai a estes esquecer o moito que lle deben, esta muller en ningún momento renuncia aos soños que os catro compartiron dende a xuventude. Os tres homes van continuar por camiños acomodaticios, pensando só na súa propia saída individual, sen lembrarse de quen foron e, especialmente, de quen querían ser e da amizade que os unía. Porén Ester, continúa a camiñar soa e sempre tentando apoiar aos que ela considera os seus amigos e iguais, á par que nada contra corrente por non renegar de si mesma.



E queda soa. Sen forzas xa para continuar a mover brazos e pés nun río da vida que a mergulla unha e outra vez mentres os seus amigos ignoran os berros de auxilio. Queremos pensar que hoxe Ester non estaría tan soa. Que trinta anos despois de ser escrito este texto vivimos noutra sociedade que si está atenta ás chamadas pola fraternidade e a sororidade.

Esther, unha loita pola igualdade



Se cadra esta muller dos anos noventa do pasado século quixo ser demasiado libre aínda nun contexto finisecular que parecía ter outras batallas a librar antes cá da igualdade. Acreditamos en que hoxe ten moitas máis irmás, e irmáns, cos que loitar. Mais, se estamos trabucadas, sirva esta posta en escena da rebeldía vital de Ester para conseguir máis mariñeir@s neste navegar fraterno polos océanos da vida.

O “Eu tamén navegar” de Xoana Torres vivirémolo as mulleres como capitás do noso propio barco, e tod@s como unha tripulación unida cara ao horizonte dun máis alá mellor.

IAGO: Por que o fas?

ESTHER: Déitome con calquera que me convide a un par de copas e sexa amable comigo. Porque non ía facelo contigo? Aínda que nunca fun correspondida, sempre te quixen.

IAGO: Aquí o máis ao que podo convidarte é a un refresco. Non nos deixan beber outra cousa.

ESTHER: Non importa. Podes ser amable. Ou cariñoso. É máis barato.

IAGO: E máis difícil.

ESTHER: Axudareite. (Achégase a el e cólelle as mans con agarimo.) Non me digas en que película o vin, pero rodéame cos teus brazos e dime que me queres, aínda que sexa mentira.

